

Follas do bacallau

*Ópera prima narrativa
de Xabier Paz*



RAMÓN NICOLÁS

Cando existe a vontade de contar claro e ben, cando hai un argumento solvente e se dispoñen os esteos técnicos necesarios para facelo, xorden excelentes propostas como a presente *Follas do bacallau*, ópera prima narrativa de Xabier Paz, de quen unicamente coñecemos o seu poemario *Sedimentos* (2001). Estamos, pois, diante dun orixinal texto de difícil clasificación acaroadado a un consciente hibridismo. En efecto, baixo a estrutura do caderno de bitácora, do-

t a d o dunha forte densidade e pluralidade temática, adobiado con elementos de filiación ensaística, ficcional e mesmo lírica, ofrécese unha rica proposta que, nun país que atende-se como debora á súa propia creación literaria, axiña o convertería nun deses libros de referencia que, de cando en cando o noso sistema literario nos regala.

Os motivos para estas afirmacións son moitos e desemeillantes: desde este Vigo in absentia deitado sobre o mar, mais no que non abunda literatura sobre el, Paz ábrenos os ollos a unha realidade concreta como é a experiencia dun biólogo a bordo dun bacaloeiro ao longo de duras e esgotadoras singraduras polos mares do norte. Mais desde estas vivencias hai espazo para outras realidades: velaí as páxinas cargadas de sentimentalidade na evocación do que se deixou, nun pulcro e singular exercicio memorialístico; velaí as

enxeñosas, reflexións sobre as lecturas (desde as que suscita a *Divina Comedia*, pasando por Proust, Calvino...até Cunqueiro ou Ferrín); velaí a descrición dos labores da pesca, dos esforzos case épicos, mais tamén do ámbito vital das xentes que poboan o bacaloeiro, nunha perspectiva exenta de intención doutrinaría pero que rexistra un universo rexido por leis de seu.

Tanto a acaída estrutura fragmentaria que domina este *Follas do bacallau* no que o



autor quere “descubrir as trampas da memoria” transitando en ocasións por unha interesante dualidade autor-lector que desemboca noutra voz crítica, agora en terceira persoa, coma a forza expresiva nalgúñas descrições, son só algúns argumentos para desexarlle a mellor sorte a este libro, traído para os lectores desde os alicerces da sinceridade e da madurez creadora. *Follas do bacallau* supón a afortunada estrea dun narrador do que cómpre estar no futuro ben avisados.

PAZ, Xabier, Follas do bacallau, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 334 páxinas